Exercicios autoavaliables descargables da unidade 3. Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime (2ª quincena, 1ª semana)

1. Comentario de texto sobre os decretos de Nueva Planta.

«... Tendo conseguido coa asistencia divina e xustiza da miña causa, pacificado as miñas armas o Principado de Cataluña, tocaba a miña soberanía establecer goberno no mesmo (...)

... que no Principado se forme unha Audiencia, presidida polo Capitán Xeral ou Comandante Xeral das miñas Armas.

... As causas da Real Audiencia substanciaranse en lingua castelá.

... Haberá en Cataluña Corrixidores... De tódolos expresados Corrixidores resérvome a nominación.

... Polos inconvenientes que se experimentaron nos somaténs, e xuntas de xente armada, mando que non existan.

Nueva Planta de la Real Audiencia del Principado de Cataluña (1716)

Normas básicas para facer un comentario de texto:

- Atenta lectura do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil **subliñar palabras ou frases** para distinguir as ideas esenciais das secundarias.

- Contextualización histórica
Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico...Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.

- Análise dos contidos
Haberá que **seleccionar as ideas máis importantes**, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das **ideas secundarias**.
Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc. que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.

- Interpretación
Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.

- Conclusión
É recomendable rematar cunha **conclusión ou valoración global**, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.

- O comentario debe reflectir o **grao de madurez expresiva**, polo que teranse en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión.
Só lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

Cuestións para o comentario de texto:

1. Enmarca o texto no seu contexto histórico.
2. Cando e por que se promulgou
3. Analiza as reformas que se impuxeron en Cataluña por este decreto
4. Precisa as institucións que se suprimiron e as que se implantaron.
5. Elabora unha conclusión.

2. Comenta a seguinte imaxe

O comentario ou comparación das imaxes, tendo en conta as diferencias formais debe seguir un **modelo semellante ao comentario de textos**. Podes guiarte polas preguntas situadas debaixo do debuxo, pero non é obrigado.



- Sitúa o debuxo no contexto histórico (Antigo Réxime, revolución industrial, sociedade estamental...) e describe o que ves.

- A que grupo social representa cada unha destas mulleres?. Indica que símbolos ou vestimenta mostran a súa condición.

- Sintetiza as características esenciais da sociedade desa época.

- Valora as diferencias entre este tipo de sociedade e a nosa actual.

(Ten en conta o significado da imaxe, xa que cronoloxicamente corresponde á Revolución Francesa, onde se liquidou a sociedade estamental)

3.- Comenta brevemente as preguntas:

3.1. Como estaba distribuída a terra na economía do Antigo Réxime?
3.2. Que tipo de produción artesanal é o antecedente das fábricas?
3.3. En que diferencias un súbdito dun cidadán?.
3.4. Con que frase identificas ao Despotismo Ilustrado?.
3.5. Que persoas e grupos formaban parte do Terceiro Estado?
3.6. Como se consolidaron os foros en contratos perpetuos en Galicia?

Solucións:

1. Comentario de texto sobre os decretos de Nova Planta.

Este texto se enmarca como resultado da Guerra de Sucesión polo trono español entre Carlos de Habsburgo apoiado por Austria, Holanda e Inglaterra e Felipe de Anjou, neto de Luís XIV, apoiado por Francia e España. Cando a guerra remata mediante os tratados internacionais de Utrech (1713) e Rastatt (1714) declárase como rei de España a Filipe de Anjou, co nome de Filipe V. Esta cuestión sucesoria, ao morrer Carlos II, último rei da casa de Austria sen descendencia directa, tamén dividiu aos reinos españois: Castela amosouse fiel a Filipe V e a Coroa de Aragón, especialmente Valencia e Cataluña apoiaron ao candidato austríaco.

Pola data do Decreto, (1716) vese que Barcelona e outras cidades de Cataluña seguían opoñéndose á ocupación borbónica, despois de asinados os tratados de paz.

O decreto de Nova Planta promulgouse para que todo o territorio español constituíra unha única estrutura de caracter uniforme.

Da análise do fragmento que temos que comentar pódese destacar a primeira liña:

(Tendo conseguido coa asistencia divina e xustiza da miña causa) na que o rei éo pola gracia de deus, expresa unha monarquía absoluta na que o rei concentra todos os poderes na súa persoa.

Por este Decreto o rei crea unha Audiencia presidida por un Capitán Xeral nesta provincia, (*que no Principado se forme unha Audiencia, presidida polo Capitán Xeral ...)* dado que a administración territorial baseouse nunha división provincial, e cada unha das provincias quedaba baixo o mando dun Capitán Xeral nomeado polo rei, que tiña funcións militares e gobernativas. A Audiencia aconsellaba ao Capitán Xeral e se encargaba dos asuntos xudiciais. Impón o uso da lingua castelá para os asuntos xudiciais, non se permitía o uso da lingua propia, como exemplo de uniformización de todo o territorio español.

Tamén nomeou Corrixidores que son unha institución castelá para o control das principais cidades.

E prohibe os somaténs, homes civís armados que velaban pola seguridade cidadá, (*..somaténs, e xuntas de xente armada, mando que non existan)* polo tanto non nomeados nin dependentes do rei.

Podemos deducir que todos os nomeamentos dependen do rei directamente e que a maioría destas reformas consistiron en estender institucións castelás ao resto do estado, como recoñecemento do apoio prestado pola reino de Castela na guerra de Sucesión. Filipe V intentou reforzar o poder do Estado, pero chocou co poder da Igrexa, non disposta a someterse á autoridade real.

Unicamente Navarra e o Pais Vasco, que apoiaron a Filipe na guerra, mantiveron os seus fueros (privilexios legais).

Os Decretos de Nova Planta foron aplicados a Valencia e Aragón en 1701, Mallorca en 1715 e Cataluña en 1716. A Nova Planta aboliu tamén as Cortes dos diferentes reinos da Coroa de Aragón, integrándoas nas de Castela, que de feito se converteron nas Cortes de España. Así mesmo foi abolido o Consello de Aragón, substituído polo Consello de Castela que actuaba como un Tribunal Supremo de Xustiza.

O traballo do rei era auxiliado polas Secretarías, substitutas dos antigos Consellos, eran semellantes aos ministerios actuais. Os secretarios eran nomeados e destituídos polo rei, a el rendíanlle contas. Contaban cun gran número de funcionarios que executaban as ordes do rei e levaban a administración.

Una nova figura de orixe francés, foi a dos intendentes. A súa misión era recadar impostos e dinamizar a vida económica do país: controlaban ás autoridades locais, coidaban das Reais Fábricas, impulsaban o desenvolvemento da agricultura e da gandería, realizaban censos, etc.

Como conclusión podemos dicir que Filipe V (1700-1746) e os Borbóns que lle seguiron (Fernando VI, 1746-1759) impuxeron estas medidas a partir dun modelo de absolutismo monárquico, que xa fora implantado en Francia no século XVII con Luís XIV. Secundados por unha serie de conselleiros fieis combateron as poucas limitacións que actuaban sobre a Coroa, e trataron de fortalecer o poder real. Con esta nova concepción asumiron a tarefa de reorganizar e unificar os reinos peninsulares, o que significou a perda de soberanía dos territorios da Coroa de Aragón, e Cataluña.

2. Comentario da imaxe.

O debuxo móstranos de forma satírica as relacións sociais entre os estamentos no Antigo Réxime. Vemos a un grupo de tres mulleres de diferente condición, dúas das cales cabalgan por riba da terceira, que co peso das anteriores, tense que agachar a apoiarse nun caxato para non caer co peso engadido. Van andando por un campo ou camiño.

A muller de verde representa á nobreza, xa que leva un vestido de tea rica, ampuloso con moitos aderezos, unha perruca complicada e por riba un sombreiro de plumas. Os seus zapatos son finos. Está abrazando á muller de negro.

A muller de negro representa ao clero, xa que é unha monxa, coas mans en actitude de oración. Deixase abrazar pola nobreza. Ningunha das dúas mulleres camiña.

A muller que camiña leva roupas mais pobres, zocos nos pes e presenta un aspecto forte, de traballar. É unha muller campesiña. Apoiase no caxato porque a penas pode soportar o peso da nobreza e o clero sobre as súas costas, e dicir dos seus impostos.

Esta caricatura parece real, xa que na sociedade estamental a nobreza e o clero eran estamentos privilexiados, é dicir, formaban a clase dominante. A nobreza representaba a un 3% da poboación pero posuía entre o 30 e o 40% da propiedade das terras. Gozaba de privilexios xurídicos (tribunais de xustiza especiais, dereito de ban), económicos (dereitos de caza), sociais (monopolio de cargos honoríficos, banco reservado na Igrexa) e fiscais (dereito a non pagar impostos e dereito a cobrarllos aos campesiños). O papel que tiña asignado a nobreza como grupo social era o de protexer aos outros dous estamentos, pola forza das armas.

O clero era outro grupo privilexiado que representaba a menos dun 1% da poboación. Estaban exentos de impostos. Dispoñían dun grande patrimonio proveniente de doazóns, ou terras vinculadas así como propiedades urbanas. Vivían do décimo que lle cobraban aos campesiños, da súa riqueza patrimonial e mantiña unha enorme influencia cultural e ideolóxica sobre todos os demais grupos. O seu papel era rezar polo benestar dos outros dous estamentos.

O campesiñado formaba parte do terceiro estado, que eran a maioría da poboación entre un 90 e un 95%, non tiñan privilexios, o que lles impedía o acceso a cargos e oficios públicos, independentemente do seu nivel económico. Pola contra, pagaban impostos aos outros dous estamentos. O seu papel como estamento era traballar para manter aos outros dous.

A sociedade estamental baseábase na desigualdade das persoas ante a lei. Era tal que a burguesía estaba moi descontenta e foi unha das razóns que impulsaron movementos revolucionarios.

A nosa sociedade actual caracterízase entre outras cousas pola igualdade xurídica ante a lei, e polo tanto a pertenza a unha clase social depende da riqueza do individuo e non do seu orixe ou nacemento. Ë unha sociedade de clases, non una sociedade estamental como a do gravado.

3.- Comenta brevemente as preguntas:

3.1. A **reserva señorial,** que eran as mellores terras reservadas á explotación directa do señor laico ou eclesiástico, e os **mansos**, que eran as terras repartidas entre os campesiños para o seu uso segundo o tamaño familiar.

3.2. A **manufactura**, na que os traballadores e traballadoras se reunían nun local e cobraban un salario. Os primeiros Borbóns, seguindo o exemplo francés, impulsaron a creación de manufacturas reais, subvencionadas polo Estado, para intentar frear as importacións de produtos de luxo

3.3. Un **súbdito** era un obxecto de deberes, xa que o rei mandaba por delegación divina, e só lle rendía contas a Deus; e un **cidadán** é unha persoa posuidora de dereitos e deberes.

3.4. Coa frase "*Todo para o pobo pero sen o pobo*".

3.5. O Terceiro Estado (burgueses, artesáns e campesiños), os que traballaban e producían, constituía o 90% da poboación con situacións moi diversas: unha minoría de **burgueses** cada vez mais ricos pero excluídos dos privilexios e honores públicos; **traballadores artesáns e asalariados** que vivían nas cidades, e o sector máis numeroso, os **campesiños** con situacións moi variadas, algúns eran propietarios, pero case o 50% da poboación eran caseiros e xornaleiros sen terras de seu. A burguesía foi o grupo social que con máis decisión se enfrontou ao absolutismo, reclamando a igualdade xurídica (todos iguais ante a lei) e a finalización dos privilexios.

3.6. Desde o século XVI a maioría dos mosteiros de Galicia pasaron a depender de casas centrais radicadas fóra (Valladolid). Os mosteiros cederon os seus patrimonios aos fidalgos (pequena nobreza rural) para que se encargaran de cobrar as súas rendas. Os fidalgos, que non traballaban as terras, dividíronas entre campesiños para que as traballaran a cambio dunha renda (**subforo)**. No século XVIII, gracias aos novos cultivos (millo, pataca) aumentaron as rendas agrarias que pagaban os campesiños aos fidalgos que levaban os foros dos mosteiros, pero estes seguían recibindo a mesma renda dos fidalgos.
Os mosteiros, que posuían o dominio directo, reclamaron aos *levadores* (fidalgos) que lles devolvesen a propiedade, para poder arrendala directamente (***despoxar aos levadores dos foros***). Coa sentencia dos despoxos (1763) impediuse que os mosteiros convertesen o dominio directo en propiedade plena: os fidalgos seguiron percibindo as rendas, e os campesiños non perderon, porque os seus pagos quedaron tamén conxelados e estabilizados a perpetuidade.